



XIV PREMIO DE NARRACIÓN CURTA (CONTO) PARA ESCOLARES
CONCELLO DE MARÍN

A Concellería de Cultura, co galo de dar un pulo a creatividade e a comprensión escrita dos rapaces e rapazas de Marín na súa propia lingua, convoca este premio de narración curta entre o alumnado que cursa seus estudos de Primaria e de Primeiro e Segundo da ESO nos centros de ensino de Marín.

B A S E S:

1. O presente certame denominarase: XIV Premio de Narración Curta para Escolares “Concello de Marín”.
2. Poderán participar todos/as os/as escolares dos centros de ensino do municipio de Marín que cursen Educación Primaria e Primeiro e Segundo da ESO.
3. Cómpre que os traballos sexan inéditos, de temática libre e realizados en lingua galega cunha extensión máxima de 3 páxs. tamaño DIN A4, escritos por unha soa cara.
4. O prazo de admisión dos traballos pecharase ás 14.00 horas do día 22.04.2016.
5. Cada centro escolar poderá presentar, como máximo, tres traballos por categoría.
6. Haberá catro categorías:
 - 1ª Categoría: Educación Primaria: 1º e 2º curso.
 - 2ª Categoría: Educación Primaria: 3º e 4º curso.
 - 3ª Categoría: Educación Primaria: 5º e 6º curso.
 - 4ª Categoría: ESO: 1º e 2º curso.
7. O xurado concederá tres premios por categoría consistentes en material escolar e unha placa para o primeiro de cada categoría.
8. Todos os traballos levarán un título e a categoría á que pertenceren sen especificar o nome do/a autor/a.



9. A Dirección de cada centro acompañará os traballos que presenten dentro dun sobre pechado cunha plica onde se indique: nome e apelidos de cada participante, título do traballo que presenta, idade e curso.
10. O xurado estará constituído por:
 - Un/ha representante de cada centro escolar que presente traballos e que sexa profesor/a de Literatura ou de Lingua Galega.
 - A concelleira de Cultura ou persoa en quen delegue.
 - A directora da Biblioteca Municipal Vidal Pazos.
 - Como secretario o funcionario responsable do Museo Municipal M. Torres.
11. O resultado das deliberacións do xurado publicarase ao día seguinte á avaliación e, asemade, convocaranse aos/ás gañadores/as para recolleren os seus premios ás 12:00 h do 17.05.2016, Día das Letras Galegas.
12. A participación neste concurso implica a aceptación destas bases e, polo demais, (o que non está previsto) estará á disposición do que determinar o xurado avaliador.
13. O Concello de Marín resérvase o dereito de publicar, total ou parcialmente, os traballos premiados nas publicacións municipais.
14. Se os traballos presentados non reuniren a suficiente calidade o xurado podería declarar deserto algún premio.

Marín, 8 de abril de 2016

A concelleira de Cultura

María José de Pazo Allariz



BASES DO XIV PREMIO DE NARRACIÓN CURTA CONCELLO DE MARÍN

Co galo do Día das Letras Galegas o Concello de Marín, como cada dous anos, convoca o certame "XIV Premio de Narración Curta Concello de Marín", no que rexen as seguintes condicións:

1. Neste certame poderán concorrer todos/as os/as autores/as de ámbito nacional.
2. Cómpre que os traballos cumpran cos seguintes requisitos:
 - a. Que sexan en lingua galega, orixinais e inéditos.
 - b. Cunha extensión limitada entre cinco e dez páxinas tamaño DIN A4 mecanografadas a dobre espazo por unha soa cara, polo menos, as cinco primeiras.
 - c. O tipo de letra "Roman" ou "Times New Roman" ou similar a 12 puntos de tamaño.
 - d. A temática será libre.
 - e. Os/as autores/as só poderán presentar no Concello de Marín cadanseu traballo e farano por cuádruplo (catro copias do relato).
 - f. Remitiranse sen nome do/a autor/a, acompañados dunha plica na que se indique na súa parte exterior un lema que tamén figurará na primeira folla, sen que poida suxerir que sexa un nome propio con apelido pois podería confundir ao xurado, e no seu interior conterá o nome do/a autor/a, o DNI, o enderezo postal, teléfono e demais datos de contacto.
 - g. O prazo: os relatos presentaranse antes das 13.00 h do día 22.04.2016.
 - h. Hanse de remitir a Comisión de Cultura do Concello de Marín, indicando no sobre "XIV Premio de Narración Curta Concello de Marín".
3. Concederáse un único premio de MIL EUROS (1.000,00 €) ao que se lle aplicará a retención prevista na normativa (21%).
4. O xurado publicará o seu fallo nos medios de comunicación e se porá en contacto co/a autor/a, quen se compromete acudir ao Concello de Marín para recoller o premio o



- 17.05.2016, Día das Letras Galegas, dentro dos actos organizados por mor do exaltación da nosa lingua.
5. A concesión do premio non implica a perda dos dereitos de autor/a sobre o traballo premiado.
 6. Os/as autores/as poderán solicitar a devolución dunha das copias, das catro presentadas, nun prazo de dous meses a contar desde o fallo do premio; previa confirmación da súa pertenza. O Concello non se responsabilizará da perda fortuíta dalgún orixinal.
 7. A participación neste concurso implica aceptar estas bases, e polo demais, o que non está previsto, disporano libremente os/as membros do xurado nomeados polo Concello de Marín a proposta da concelleira de Cultura.
 8. O Concello de Marín resérvase o dereito de publicar total ou parcialmente o traballo premiado.
 9. Se os traballos que presentaren non reuniren a suficiente calidade, o xurado propondá declarar deserto o premio.

Marín, 8 de abril de 2016

A concelleira de Cultura

María José de Pazo Allariz



**BASES DO IV CERTAME LITERARIO CONCELLO DE MARÍN“ NO VERÁN:
REFRÉSCÁTE COS LIBROS”**

Co gallo de promover as habilidades no eido da narrativa en galego entre os alumnos de Primaria dos colexios do Municipio de Marín, o Concello de Marín convoca baixo o lema “Refréscate cos libros” a IV Edición do Certame de Narración na tempada de verán.

1. Poderán participar todos os alumnos de Primaria dos colexios do Municipio de Marín.
2. Os traballos presentados deberán ser orixinais, inéditos e non seren premiados en ningún outro concurso literario.
3. O tema a desenrolar estará relacionado cos libros e o verán.
4. Os traballos de narrativa deberán ter unha extensión máxima de dúas páxinas en formato Din A4 escritos en galego por unha soa cara.
5. Cada centro educativo poderá facer unha preselección de traballos a presentar.
6. Os traballos deberán presentarse con nomes e apelidos, idade, curso e centro docente así como un teléfono de contacto nun sobre pechado no que constará un lema que tamén encabezarará os traballos.
7. Establécense tres categorías a tres modalidades: Narrativa Infantil.

a) Primeiro ciclo (1º e 2º de Primaria)

1º premio: Cheque por valor da totalidade da compra dos libros de texto correspondentes ao curso escolar 2015-2016.

2º premio: Cheque por valor da metade da compra dos libros de texto correspondentes ao curso escolar 2015-2016.

3º premio: Cheque por valor do material escolar correspondente ao curso escolar 2015-2016.

b) Segundo ciclo (3º e 4º de Primaria)

1º premio: Cheque por valor da totalidade da compra dos libros de texto correspondentes ao curso escolar 2015-2016.

2º premio: Cheque por valor da metade da compra dos libros de texto correspondentes ao curso escolar 2015-2016.

3º premio: Cheque por valor do material escolar correspondente ao curso escolar 2015-2016.



ILMO. AYUNTAMIENTO DE MARIN

ILMO. CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Orense, s/n
Teléf. 88.03.00 -Fax 88.20.13
36.900 MARÍN (Pontevedra)

c) Terceiro ciclo (5º e 6º de primaria)

1º premio: Cheque por valor da totalidade da compra dos libros de texto correspondentes ao curso escolar 2015-2016.

2º premio: Cheque por valor da metade da compra dos libros de texto correspondentes ao curso escolar 2015-2016.

3º premio: Cheque por valor do material escolar correspondente ao curso escolar 2015-2016.

8. Todos os traballos deberán ser enviados ou achegados ao seguinte enderezo: “Museo Municipal M. Torres” Avda. de Ourense s/n. 36900, Marín.

9. O prazo de entrega dos traballos rematará o día 10.06.2015 ás 13,00 horas da mañá.

10. O xurado avaliador estará formado polos membros integrantes do xurado da XIV Edición do Premio de Narración Curta Concello de Marín ou o que nomee o Concello de Marín.

11. O fallo do Xurado será inapelable e poderá declararse deserto algún dos premios se así se estimar conveniente. Publicarase o fallo dos gañadores o día 17 de xuño e farase entrega dos premios o día 19 de xuño.

12. A participación neste certame implica a plena e total aceptación das presentes bases.

Marín, 8 de abril de 2016

A concelleira de Cultura

María José de Pazo Allariz